

EDICTO

MANCOMUNIDADE I.V. DO RIBEIRO.
ANUNCIO DE COBRANZA PERÍODO VOLUNTARIO.

En virtude da delegación efectuada polos Concellos que se detallan para a recadación de diversas exaccións, faise público o seguinte anuncio:

Ponse en coñecemento dos contribuíntes e demais interesados, que durante o período comprendido entre os días 28 de MARZO e 29 de MAIO, ambos inclusive, estarán ao cobro, en período voluntario, os recibos das seguintes exaccións correspondentes ao exercicio 2007, nos Concellos que se indican:

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA:

Concellos: ARNOIA, BEADE, CASTRELO DE MIÑO, CENLLE, CORTEGADA, LEIRO, MELÓN.

TAXA SOBRE RECOLLIDA DE LIXO:

Concellos: ARNOIA, BEADE, CENLLE, CORTEGADA, LEIRO.

TAXA SOBRE SUMIDOIROS:

Concellos: BEADE e CORTEGADA.

TAXA SOBRE ENTRADA DE VEHÍCULOS:

Concellos: BEADE e CORTEGADA.

TAXA SOBRE PORTADAS E ESCAPARATES:

Concellos: CORTEGADA.

Os contribuíntes recibirán no seu domicilio recibo-resgardo de aboamento, co que deberán presentarse en calquera oficina de Caixanova no período resinado anteriormente, en días hábiles, no horario que estableza a entidade, advertíndolle que, caso de non fácelo, se procederá o seu cobramento por vía executiva, co 20% de recarga de prema e intereses de demora e, no seu caso, as custas que se produzan.

En caso de que algún contribuínte non recibira no seu domicilio o recibo-resgardo de aboamento para poder efectuar o pagamento da exacción, poderá, dentro dos períodos anteriormente establecidos, retiralo das oficinas do servizo de Recadación da Mancomunidade I.V. do Ribeiro, onde existe un duplicado dos mesmos, advertíndolle que o feito de non telo recibido, non o exime da obriga de efectuar o pagamento dentro do período voluntario de cobranza, sempre que figure como contribuínte na respectiva lista cobratoria.

Beade, a 15 de marzo de 2007.

O PRESIDENTE,

